

DECLARACIÓN DE APOSTASÍA

Ao Arcebispo Excmo. e Rvmo. Sr. _____, titular da diocese de _____.

Eu, Don/Dona _____, con DNI n.º _____, maior de idade, con data de nacemento _____ e residente na poboación de _____ (actualmente no enderezo _____), que segundo lle consta foi bautizado/a na Parroquia de _____, pertencente á diocese indicada, actuando en nome e interese propio e estando en pleno uso da súa libre e espontánea vontade

MANIFESTA:

Primeiro.-

Que, sen atopar no Dereito Canónico procedemento establecido para a tramitación do presente escrito, diríxoo ao Bispo diocesano polas consideracións seguintes:

- Que o canon 393 do Código de Dereito Canónico dispón que "O Bispo diocesano representa á Diocese en todos os negocios xurídicos da mesma".
- Que o canon 383.1, establece que "Ao exercer a súa función pastoral, o Bispo diocesano debe amosarse solícito con todos os fieis que se lle confían (...), así como cos que se afastan da práctica da relixión".

Segundo.-

- Que no seu día fun bautizado/a na fe católica como consecuencia dunha decisión tomada por outras persoas sen que nese momento, a causa da miña idade, mediara en modo algún a participación da miña propia vontade, e sen que dispuxese de liberdade nin conciencia dabondo para emitir un xuízo sobre as miñas conviccións persoais.
- Que tras meditar durante o tempo suficiente sobre o significado da miña pertenza á fe Católica, non atopo ningún pretexto para continuar pertencendo á Igrexa Católica, entrando a miña vontade en contradición coa adscrición a esta institución.
- Que a fidelidade á propia conciencia é un dereito constitucional inalienábel recoñecido pola lexislación mediante o artigo 16 da Constitución Española, á cal ningunha entidade privada ou pública pode opoñerse.
- Que, polo tanto, rexeitando totalmente a fe cristiá, considérome incurso/a en apostasía, tal e como a define o canon 751 do Código de Dereito Canónico, polo que

SOLICITO:

Primeiro.-

A miña exclusión a todos os efectos –mesmo os estatísticos–, do rexistro de persoas bautizadas á fe católica e o recoñecemento do acto de apostasía que

por esta declaración expreso, facendo uso do lexítimo dereito a dispoñer libremente das conviccións morais, éticas e relixiosas.

Segundo.-

A supresión de todo os meus datos persoais dos seus rexistros en aplicación da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Tamén poño no seu coñecemento que me podería ver obrigado/a a levalo a vostede ou aos responsábeis parroquiais aos tribunais de xustiza, no caso de que estes datos sexan empregados en calquera sentido.

Quedando á espera da recepción do seu escrito de confirmación, reciba un cordial saúdo.

En _____, a ____ de _____ de 2.00__